

**PASARELA PEONIL NA OU-150
EN CUDEIRO, OURENSE
CLAVE: OU/22/163.06**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a creación dunha pasarela peonil na estrada OU-150 en Cudeiro, aproximadamente no punto quilométrico (P.Q.) 1+000, que permita atravesar sobre o rego Val dos Gozos; no concello de Ourense, na provincia de Ourense. A pasarela terá unha anchura mínima de 2,50 m e unha lonxitude total de 50 m.

2. Plan de Estradas

A estrada OU-150 pertence a Rede Local de Estradas Convencionais de Galicia.

3. Descrición da actuación

O proxecto consiste na mellora da accesibilidade peonil e, no seu caso, de ciclistas non deportivos, mediante a execución dunha pasarela que permita o cruce en condicións de seguridade, da ponte sobre o rego Val dos Gozos, en Cudeiro (Ourense). Esta pasarela conectará a senda executada na marxe dereita da estrada OU-150 en Valdorregueiro, xusto antes da ponte sobre o rego Val dos Gozos, coa outra marxe do cauce, na que existe unha beiravía tamén na marxe dereita da estrada, que discorre ata o seguinte núcleo de Cudeiro.

4. Características técnicas

A pasarela proxectada terá as seguintes características:

- Estrutura de pórtico de aceiro e canto variable, con sección transversal de barras tubulares en celosía, e dous vanos: un principal de luz 31,94 m baixo o que discorre o rego Val dos Gozos, e outro vano secundario de luz 16,94 m, que presenta un esquema simétrico respecto ao anterior, pero realizando o apoio no canto máis pequeno; dispón unha pila de formigón e aceiro que divide os dous vanos.
- Sección transversal: ancho de 2,50 m transitables, conformada por barras tubulares en celosía. A sección de menor canto dispón dunha altura de 500 mm entre os eixes dos cordóns inferiores e superiores. Esta corresponde a sección de centro do vano maior e sección de apoio no estribo do vano menor. A sección de maior vano, localizada na pila, a distancia entre os eixes dos cordóns inferiores e superiores é de 1.474 mm. A distancia entre os eixes dos cordóns inferiores é variable entre 760 e 2.360 mm.
- Pila: componse dun tronco formado por un pedestal de formigón HA-25 de 50 cm de altura e sección 50x50 cm, sobre o que se soporta un tubular cadrado de aceiro 320x320 ata unha altura de 50 cm dende a que se ramifica en 4 soportes con tubulares cadrados de sección variable, ata unha altura de 3,80 m.
- Materiais: o material empregado na estrutura será o aceiro estrutural S 275. O pavimento proxéctase de madeira de Badi de 6 cm de espesor, fixado nas riostras entre os cordóns superiores, de igual xeito o pasamáns da varanda peonil proxéctase de madeira. Os estribos revístense cun muro coeira. As aproximacións á estrutura realízanse cun pavimento de formigón.

5. Principais unidades de obra

Coeira grosa HMB 300/1000	44,91 m3
Formigón HM-20 en masa	19,47 m3
Formigón HA-25 en alicerces	18,00 m3
Formigón HA-25 en elementos horizontais	30,00 m3
Aceiro B-500-S	5.000,00 kg
Micropilotes ata 200 mm	270,00 m
Aceiro para armadura tubular para micropilotes	8,10 tn
Aceiro laminado estrutural S275 JR	22,670,00 kg
Pavimento de formigón HF-4,0	20,00 m3
Entarimado de madeira Badi Bilinga e=6 cm	125,00 m2
Varanda de protección de perfil de aceiro tubular	124,00 m
Prisma de telecomunicacións	78,00 ml
Canalización 300x100	50,00 m

6. Poboación servida

Ourense 103.756

O total da poboación servida é de 103.756 habitantes

7. Concellos Afectados

Ourense

8. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto afectan a un total de 2 parcelas, das cales:

- Parcelas afectadas por expropiación:	2 (37 m2)
- Parcelas afectadas por ocupación temporal:	2 (232 m2)
Expropiación	222,00 €
Bens Afectados	83,52 €
Premio de afección (5%)	11,10 €
Orzamento Total Expropiacións	316,62 €

9. Prazo de execución


O prazo de execución das obras previsto é de SEIS (6) meses.

10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	381,429,92 €
Orzamento Total de Expropiacións e Bens Afectados	316,62 €
Orzamento para coñecemento da administración:	381.746,54 €

11. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>% inversión</u>	<u>OCA</u>
Ourense	OU-150	100 %	381.746,54 €



PLANTA



SECCIÓNS

